

## MANIFESTO

Desde principios do ano 2020 a Covid-19 estivo presente nas nosas vidas, desde as noticias na televisión, xornais, radios... até nos nosos pobos e nas nosas conversacións.

Como militantes do Movemento de Mozos Rurais Cristiáns e do Movemento Rural Cristián de Acción Católica fixemos unha reflexión profunda para descubrir que efectos tivo no día a día da vida das zonas rurais, en que nos afectou e tamén, sen inxenuidade, as oportunidades que provocou para percorrer novos camiños.

Vimos como a pandemia cambiou hábitos da nosa vida, do noso traballo, da economía, da saúde, mesmo vimos como afectaba ás nosas relacións sociais do mesmo xeito que puidemos comprobar a resposta que se está dando desde o sistema sanitario, político, social e relixioso para facer fronte a esta situación nunca imaxinada.

Tamén padecemos as consecuencias. Consecuencias que nos preocupan, especialmente as que afectan directamente aos nosos pobos, por iso queremos manifestar as nosas preocupacións en forma de denuncia.

PREOCÚPANOS que aproveitando a pandemia impóñanse como habituais as consultas telefónicas de atención médica, xa que dadas as características propias do Mundo Rural, fai que moitas persoas poidan verse desfavorecidas.

PREOCÚPANOS que se viron limitadas as actividades comunitarias que unen ás xentes dos pobos como espazos onde se vive con profundidade as relacións de encontro, de toma de conciencia, de identidade, de solidariedade, etc. e que serven para responder ás súas diversas necesidades: desde a participación cidadá, até as accións reivindicativas, pasando por cuestións laborais, culturais, deportivas, festivas, de lecer, relixiosas, de coidado do medio...

PREOCÚPANOS que se mire aos pobos dunha maneira idealizada (quen idealiza, non ama a realidade senón un espellismo), utilizándoos como refuxio, pero sen ser capaces de entender e asumir os seus valores propios, o cal implica asumir un estilo de vida elixindo traballar pola súa dignidade desde o próximo e desde "A CULTURA DO ENCONTRO" (*Fratelli Tutti* 30).

Con todo, as nosas preocupacións non son para nós motivo de desánimo, senón estímulo para dar resposta, convencidos de que as persoas que vivimos nos pobos debemos permanecer vixiantes e activos na esperanza, estando dispostas tanto a facer un chamamento ás institucións políticas, sociais, relixiosas e tamén aos nosos grupos locais, unidades familiares e a cada un de nós para ter moi presente o valor e a dignidade do próximo, do local, como a descubrir que estes tempos son ademais tempos de oportunidades. Por iso comprometémonos a ser LUZ ante o grave problema da pandemia e as súas consecuencias, tendo os ollos abertos, estando unidos para ter unha resposta global pero tamén local e individual, con xestos sinxelos como estar pendentes dos nosos maiores, axudándolles nas tarefas que non poden facer, traballando por un Mundo Rural vivo, aproveitando as habilidades tecnolóxicas dos mozos, recoñecendo e valorando as potencialidades das persoas e da vida no pobo, denunciando toda inxustiza que percibamos na nosa contorna e ofrecendo os nosos pobos como lugares onde desenvolver unha vida digna e de calidade.

En definitiva, temos que ser capaces de, conservando o esencial da nosa cultura, adaptarnos con flexibilidade ás novas formas de vida que a pandemia nos obriga, pero en plena forma espiritual, anímica... para dar respostas rápidas e que xeren vida, esperanza e mantendo a confianza en que a vida nos pobos segue sendo unha opción con futuro, porque **a vida nos pobos, é unha resposta ante a pandemia.**

Maio 2021